



IV premio de teatro MOME  
VARELA BUXÁN



# bases para a convocatoria do premio de teatro MOME VARELA BUXÁN

O Museo do Moble e da Madeira da Estrada (MOME), comprometido co proceso de creación cultural, convoca o **IV PREMIO DE TEATRO MOME "VARELA BUXÁN"** cos obxectivos de:

Poñer en valor o MOME como referente na vida cultural estradense e galega.

Perseverar no cultivo da lingua galega como sinal de identificación e diferenciación de Galicia e principal patrimonio cultural.

Contribuír á difusión da nova dramaturxia galega e á divulgación da vida e obra do dramaturgo estradense Manuel Daniel Varela Buxán, o Patriarca do Teatro Galego.

1. Poderán concorrer ao Premio todas as persoas que o desexen, de calquera nacionalidade, con textos inéditos escritos en lingua galega.
2. Os orixinais, que serán presentados por triplicado, terán un eixe temático libre. Xuntarase unha copia do texto nun CD en formato PDF. Deberán ser remitidos ao seguinte enderezo: Fundación Cultural da Estrada. Avda. Benito Vigo, 104. CP 36680. A Estrada (Pontevedra). Indicando no sobre, IV Premio MOME de Teatro "Varela Buxán".
3. Con cada orixinal, que deberá ser entregado baixo lema, xuntarase en sobre pechado o nome completo, enderezo, teléfono(s), correo electrónico e currículo do/a autor/a.
4. O prazo de admisión de orixinais pecharase o 24 de outubro do 2014.
5. A dotación económica será de 1.000 euros que se outorgarán indivisiblemente nun único premio. Asemade entregaráselle ao/á gañador/a un diploma acreditativo. No caso de que o xurado o estimase oportuno, o Premio podería quedar deserto.
6. O MOME escollerá un xurado de recoñecido prestixio pertencente ao ámbito teatral galego que estará presidido por Cándido Pazó. O seu ditame será inapelable.
7. Unha vez emitida a resolución do xurado procederase á apertura da plica gañadora no curso dun acto público na data e lugar que se anunciarán oportunamente.
8. Entregarase o Premio antes de final de ano, no transcurso dun acto público a celebrar no MOME.
9. O MOME resérvase o dereito de publicar a obra premiada, sen apercibimento de dereitos de autor e compensando aos/ás autores/as con 50 exemplares do volume que, no seu día, se puidese editar.
10. Os orixinais non premiados poderán ser retirados polos respectivos autores/as no prazo de trinta días contados a partir da entrega do Premio.
11. A participación nesta convocatoria requirirá a aceptación das normas contidas